



PLAN ANUAL DE LECTURA – CURSO 2022/23

| RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR | DATA DE ENTREGA | FORMA DE ENTREGA |
|-----------------------------------|-----------------|------------------|
| Sofía Viña Díaz | 11/10/2022 | PDF |

Índice

- 1. Obxectivos1**
- 2. Organización de espazos e tempos para a lectura2**
- 3. Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro2**
- 4. Rutinas de lectura3**
- 5. Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura3**
- 6. Itinerarios lectores4**
- 7. Actividades programadas4**
- 8. Criterios e procedimentos de avaliación. Indicadores e instrumentos.4**

A Biblioteca do IES Urbano Lugo pretende continuar e afianzar o labor emprendido nos cursos pasados, especialmente centrado na dinamización da biblioteca para fomentar a lectura comprensiva e crítica de todo tipo, tanto nos soportes tradicionais como nos ofrecidos polas novas tecnoloxías. Este curso é o sétimo en que formamos parte do PLAMBE, o que supón que temos mellorado en formación, recursos e dotación económica. Procuraremos que todo isto contribúa a optimizar o traballo realizado ata o momento.

1. Obxectivos

OBXECTIVOS

Dende a biblioteca escolar tentaremos facilitar a consecución por parte da comunidade educativa dos seguintes obxectivos básicos:

- O apoio aos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- A adquisición das competencias básicas.
- O tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares.
- A aprendizaxe autónoma.
- O achegamento aos distintos soportes documentais.
- A educación no acceso á información: a alfabetización informacional.
- A integración das tecnoloxías da información e da comunicación na procura, uso e produción de información, e na selección de lecturas.
- A creación e consolidación de hábitos de lectura e de escritura.
- O acceso igualitario aos recursos culturais.
- A educación para unha vivencia saudable do tempo de lecer.
- O apoio ao alumnado con necesidades educativas específicas.



2. Organización de espazos e tempos para a lectura

O espazo de lectura fundamental é a propia biblioteca. Nela pódese ler, estudar ou traballar en grupo.

Todos os departamentos ou niveis educativos, todos os programas do centro beneficiáanse dos recursos da biblioteca escolar e das oportunidades que esta ofrece para ampliar ou desenvolver tarefas de aprendizaxe. O equipo de biblioteca intenta atender as necesidades de todas as áreas curriculares á hora de valorar novas adquisicións para un correcto equilibrio da colección, pero tamén os departamentos e outros equipos docentes contribúen coas súas propostas a unha adecuada selección de materiais, físicos ou virtuais.

Da mesma forma, a existencia de programas como E-dixgal, Contratos-programa ou Reforza-T (entre outros) constitúen unha oportunidade de traballo coordinado e de aproveitamento dos recursos en beneficio dos resultados académicos e de aprendizaxe do alumnado.

Horario previsto para o 2021/22: a biblioteca estará aberta en horario escolar de 2ª a 5ª hora, ambas incluídas.

3. Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro

LIÑAS DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Material bibliográfico: procurarase que as novas adquisicións sexan para os ámbitos en que temos maiores carencias: manuais para o alumnado de ciclos formativos de electrónica e electricidade, libros (ilustrados ou non) de carácter divulgativo do ámbito científico-técnico, filmes relacionados coa literatura universal, **subscrición a revistas con versión dixital** e peticións bibliográficas dos distintos departamentos do centro. Dedicaremos tempo a ordenar os materiais e actualizar os catálogos, ademais de catalogar importantes partidas de libros de lectura de varios departamentos didácticos que foron trasladadas á biblioteca. Ademais, procurarase continuar na mellora da rotulación dos diferentes espazos da biblioteca, expurgo do material obsoleto, etc.

- **Organización:** a biblioteca estará aberta de 2ª a 5ª hora da mañá:
- Só se poderá entrar de un en un a coller prestados ou devolver libros, sempre mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m
- **Préstamos:** pódense solicitar (máximo de 3 libros por persoa) a través do correo electrónico: bibliotecaurbanolugris@gmail.com, indicando claramente o nome, apelidos e nº de carné; no caso do alumnado novo no centro, curso do/a alumno/a. Tamén pode acudir o alumnado de forma presencial, nos recreos, para devolucións e empréstito. Os libros serán apartados nunha caixa polo profesorado colaborador da biblioteca, no caso de que o alumnado faga a solicitude de préstamo a través do correo electrónico con certa antelación; se se presenta no recreo, procurarase facilitarlle o/s libros que solicite o antes posible os de libros e materiais. Para solicitar un préstamo hai que aportar a información necesaria, para axilizar o máximo a xestión (autoría, título do libro...)
- **Devolucións:** hai unha caixa habilitada para o seu depósito nos recreos.
- Durante o primeiro trimestre do curso poñerase en coñecemento da comunidade educativa a existencia dunha selección de libros na **plataforma E-ELBE-2 facilitada pola consellería**.

Así mesmo, continuarase a mellorar a formación das persoas integrantes do equipo da biblioteca, realizando reunións periódicas e enviando correos electrónicos e whatsapps ao grupo para mellorar a coordinación. Procurarase utilizar con maior asiduidade o google-drive ou google docs para que os documentos sexan máis colaborativos.

LIÑAS DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN E AOS DESENVOLVEMENTO DAS COMEPETENCIAS CLAVE DO ALUMNADO

- **Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca.** Continuarase o labor realizado desde o facebook da biblioteca (BiblioLugrís), desde a aula virtual e desde o blog do club de lectura (www.lerunmardecontos.blogspot.com). Pola situación sanitaria, estas vías telemáticas serán reforzadas e melloradas na medida do posible.
- Os concursos, certames e actividades relacionadas coas distintas conmemoracións do ano e que tiñan lugar fisicamente na biblioteca quedan á exptativa temporalmente debido á situación sanitaria.

LIÑAS DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E A ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL

- Realízase **formación de usuarios/as** a través da presentación da biblioteca, en especial nos primeiros cursos da ESO e os primeiros cursos de FP (co apoio do profesorado de FOL) e, por suposto, en calquera grupo cuxo titor/a manifeste interese.
- **Voluntariado na biblioteca:** neste curso continuarase coa colaboración que viña sendo habitual do alumnado de ESO nos recreos, polo que se solicitará, coma todos os cursos, o selo "**Biblioteca escolar Solidaria**".
- Continúase co curso aberto na **aula virtual do IES**, con información sobre o funcionamento da biblioteca e sobre os servizos que ofrece á comunidade escolar. Preténdese ampliar o seu contido ofrecendo ferramentas a profesorado de actualización dixital.
- Adquisición da **competencia dixital**. Tendo presentes as competencias clave que establece a lexislación educativa vixente, especialmente a competencia en



comunicación lingüística, competencia dixital e competencia para aprender a aprender, a biblioteca continuará na liña destes catro últimos anos, adaptándose aos novos modelos e necesidades.

LIÑAS DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA

- **Club de lectura "Un mar de contos":**
Está realizado un proxecto do club de lectura e presentado á convocatoria correspondente. Está coordinado por unha docente de inglés deste centro, Pilar Santiago, co apoio das persoas docentes colaboradoras da biblioteca.
Realizaranse reunións nos recreos (en semanas alternas). As reunións xiran en torno a lecturas por temáticas, nas linguas inglesa, española e galega, que se establecen por trimestres.
Continuarase co blog: www.lerunmardecontos.blogspot.com
- **Libros en formato dixital:** fomentarse a lectura como fonte de lecer no alumnado a través das lecturas en formato dixital ou ben en liña, por exemplo na páxina do Cervantes Virtual, na que aparecen moitas obras da literatura en español.
- A fin de superar determinados preconceptos, o equipo de biblioteca intentará **asesorar ás persoas lectoras** sobre as posibilidades que ofrecen os libros informativos ou os xéneros literarios minoritarios ou, tamén, os autores e as autoras máis recentes. A existencia dun club de lectura abre as portas a novos lectores, por exemplo. Finalmente, a biblioteca deste centro pensa na transversalidade da lectura, en crear situacións nas que lectoras e lectores se atopen cos contidos culturais en diferentes soportes e formatos (**neste curso, facendo fincapé nos dixitais**), que amplíen a súa mirada sobre o mundo e a súa experiencia.

OUTRAS LIÑAS DE ACTUACIÓN

- **Colaboración co Club de Cinema**, que organiza o profesores Roberto Varela. A biblioteca colaborará coa compra de películas e en todo o que sexa preciso.
- **Colaboración cos departamentos do centro.** Procurarase colaborar e dar servizo a todos os departamentos do centro que así o desexen. Continuarase a colaboración con Dinamización Lingüística e cos departamentos de linguas e intentarase aumentar con todos os demais.
- **Contratos-Programa nas súas diferentes liñas.** Procurarse que parte deles poda ter relación co fomento da lectura e con actividades culturais en xeral.
- **Colaboración coas bibliotecas municipais.** En especial, coa biblioteca da nosa zona, a biblioteca municipal da Sagrada Familia, coa que temos unha relación fluída. Tamén coa Biblioteca Ágora, con quen tamén temos moi boa relación, en especial grazas ao desenvolvemento dos encontros interxeracionais coas persoas maiores.

4. Rutinas de lectura

Non hai un plan de rutinas de lectura establecido.

5. Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura

EQUIPO DA BIBLIOTECA

RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR

- Sofía Viña Díaz

PERSOAS DINAMIZADORAS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

- Daniel Piñeiro
- Luis Siso
- Julia Pedrido
- Enrique Ríos
- José Luis Mariño
- Narciso Otero



6. Itinerarios lectores

Non temos establecidos itinerarios lectores, de momento.

7. Actividades programadas

| PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> Formación de usuarios, campañas de fomento da lectura como fonte de lecer, recomendacións de lecturas para os periodos vacacionais, que se publicarán no apartado BIBLIOTECA da aula virtual do centro. |
| ACTIVIDADES PUNTUAIS |
| <ul style="list-style-type: none"> Tentarase traballar temáticas vinculadas aos Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 da ONU, ou outras con gran potencial educativo (lectura, xéneros literarios minoritarios, cultura tradicional, dereitos humanos, cuestións do ámbito das ciencias sociais ou naturais etc.), co fin de poder facilitar a elección das datas a conmemorar en distintas materias. |
| RECURSOS E MATERIAIS |
| <ul style="list-style-type: none"> Proxector, pantalla, cámara de fotos, cámara de vídeo, taboleiros, papelógrafo, pizarra, atril, folios de cores, rotuladores, pinturas, cartulinas, plastificadora... |

8. Seguimento e avaliación

A avaliación da biblioteca situarase dentro do proceso de avaliación xeral do centro.

| EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> automatización e organización da colección, incluídos os recursos electrónicos seleccionados; provisión de recursos, en distintos soportes e formatos; servizos bibliotecarios básicos; mecanismos para a difusión da información; espazos dixitais (páxina web, blog ou presenza nas redes sociais); persoa designada como responsable da biblioteca escolar; equipo de apoio; usos e horarios de apertura (en tempo lectivo e non lectivo) |
| EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA |
| <p>Trataremos dende a biblioteca de utilizar os seguintes indicadores de logro:</p> <p>a) Aumento do número de persoas usuarias da biblioteca, que descubran o pracer de atopar novas realidades a través da lectura, a investigación e a comprensión de diferentes materiais.</p> <p>b) Número de actividades interdisciplinares propostas para estimular a creatividade individual</p> <p>c) Número de concursos divulgados e promovidos coa intención de estimular a competitividade</p> <p>d) Número de actividades deseñadas para facilitar o desenvolvemento das competencias clave nas nosas programacións. Neste sentido preténdense conseguir resultados entre os alumnos como estes:</p> <ul style="list-style-type: none"> Desenvolver a CAPACIDADE LECTORA como medio para favorecer e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Vincular A LECTURA coa ESCRITURA a fin de que o alumno sexa creador de novos textos elaborados a partir das lecturas. Instruír o alumnado desde a BE, ensinándolle os principios que rexen o funcionamento das bibliotecas, en canto a ordenación, clasificación e normativa. Expor unha imaxe renovada da biblioteca escolar. |
| EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS |
| <p>A adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na actual competencia dixital) configúrase, sobre todo dende a pandemia recente, como algo moi necesario nas aulas. Os indicadores que tentaremos utilizar son:</p> |



- Número de programas de alfabetismos múltiples e de **adquisición das habilidades e destrezas para o uso crítico e a produción de información en distintos soportes e formatos** e, moi especialmente, a lectura crítica e a produción ética a través dos medios de comunicación audiovisual, sobre todo, a través das redes sociais e Internet.
- Número de exemplares adquiridos no curso 2022/23 dunha **colección híbrida** para garantir o acceso a recursos de lectura e de información en formato dixital

EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PL DO CENTRO

Os indicadores que se utilizarán aparecen na plantilla modelo de recollida de datos que se cita nos *PROCEDEMENTOS*.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións no plan anual de lectura.
- Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teremos en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

PROCEDEMENTOS

- O propio equipo de biblioteca realizará unha avaliación interna cuantitativa (baseándose na recollida, a análise e a comparación de datos) e cualitativa (análise e discusión sobre o nivel de logro de obxectivos). Utilizaremos unha **plantilla modelo de recollida de datos**, tomando como exemplo a facilitada no blog de bibliotecas escolares de Galicia:

https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/files/redebe/12/Monica_Baro_-_Teresa_Manana/Manha_baro_evaluar_las_BE_Galicia_per_enviar.pdf

INDICADORES

Consideraranse os seguintes, que estarán recollidos na avaliación do apartado anterior:

- Grao de integración da biblioteca no proxecto de centro
- Difusión e márketing da biblioteca
- Apoio do equipo directivo
- Liderado e profesionalización da persoa encargada da coordinación
- Habilitación de espazos
- Biblioteca como espazo docente
- Formación de persoas usuarias
- Formación do profesorado
- Fomento da lectura: incremento da porcentaxe de libros emprestados no curso 2022/23
- Servizos ao profesorado
- Implicación do profesorado nas actividades propostas
- Participación do alumnado

INSTRUMENTOS

- A persoa responsable da biblioteca escolar coordinará a realización dunha **memoria anual** que incluírá unha avaliación dos servizos ofrecidos pola biblioteca e os apoios e actividades realizadas ao longo do curso escolar. Esta memoria integrarase na Memoria Final do centro que se remite á Inspección.

RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Asdo.: Sofía Viña Díaz

Data

11/10/2022